

Problemas de seguridade con NFS

Como falsear a autenticación do usuario en NFS

- Antes mencionamos que en NFS, un usuario pode facerse pasar por outro, simplemente con que o seu *uid* coincida.
- Se queremos acceder aos datos da usuaria *sol*, simplemente precisamos unha máquina que tome ou non os usuarios do LDAP; válenos perfectamente un live-CD ou live-USB, mesmamente o de instalación de Ubuntu. Faríamos o seguinte:
- Montar a carpeta compartida por NFS á que queremos acceder:

```
sudo mkdir /home/iescalquera
sudo mount 172.16.5.10:/home/iescalquera /home/iescalquera
```

- Engadimos un usuario local na máquina que teña o mesmo *uid* que o usuario polo que nos queremos facer pasar (se o equipo toma os usuarios do LDAP, isto nos daría un erro ao estar o *uid* repetido, que podemos evitar co parámetro -o):

```
sudo useradd -u 10001 falsasol
```

- Nos poñemos como o usuario que acabamos de crear:

```
sudo su falsasol
```

- Xa podemos acceder á carpeta persoal de *sol* cos mesmos privilexios que *sol*.

```
cd /home/iescalquera/sol
touch ficheiro_na_carpeta_de_sol.txt
```

- Así, podemos ver que non é necesario utilizar ferramentas de *cracking* nin ter grandes coñecementos para "rebentar" o sistema de seguridade de NFS: con un live-CD de calquera distribución de Linux e uns mínimos coñecementos de NFS podemos acceder a toda a información que queiramos.
- Cal é a causa desta vulnerabilidade? Pois un erro de seguridade básico. En NFS o servidor **confía** na autenticación realizada polos equipos cliente, e asume que o usuario é o que o equipo cliente lle di que é.
- Desta forma, se podemos tomar o control ou simplemente suplantar un equipo cliente, poderemos comprometer seriamente a seguridade do servidor. ¿Podemos confiar na autenticidade e seguridade de todos os equipos cliente da nosa rede?

Solucións en NFSv3

- En NFS versión 3, as solucións ofrecidas para aumentar a seguridade no servidor NFS consisten na restrición segundo as direccións IP dos equipos cliente.
- Aínda que eleva algo a seguridade do sistema, realmente a restrición de direccións IP non supón un método de autenticación seguro, xa que calquera pode arrancar un live-CD e configuralo coa mesma dirección IP que un cliente do noso dominio, e xa ten acceso ao servidor...
- E se bloqueamos na BIOS dos equipos o arranque de CD, ou usb? Calquera pode cambiar a BIOS e arrancar co CD
- E se protexemos a BIOS con contrasinal? Calquera pode abrir o equipo e retirar a pila da BIOS para borrar ese contrasinal
- E se pechamos os equipos con un peche para que non se poidan abrir? Calquera pode usar unha máquina virtual e facer o ataque igualmente
- E se bloqueamos o uso das máquinas virtuais? Calquera pode traer un portátil, miniportátil, PDA,... e facer o ataque igualmente
- E se...?
- Poderíamos seguir indefinidamente, pero en realidade sempre haberá algunha forma de saltarse a restrición. Aínda que, por suposto, ningún

método é totalmente seguro, neste caso non podemos considerar que a restrición por direccións IP garanta un nivel mínimo de seguridade para o servidor NFS, así que haberá que buscar unha mellor solución.

Solucións en NFSv4: Kerberos

- Esta solución que buscamos apórtaa NFS versión 4 con **Kerberos** (<http://es.wikipedia.org/wiki/Kerberos>), xa que así temos un servidor de autenticación que nos permitirá verificar que os usuarios que acceden ao servidor realmente son os que din ser, porque será o servidor de kerberos os que os "avale".
- Esta opción si que proporciona un nivel de seguridade aceptable ao servidor NFS, xa que conseguimos unha forma de autenticar os usuarios no servidor e non "confiar" nos equipos cliente.
- Neste curso non imos implantar esta solución, pois optaremos por usar un servidor **Samba** e nos clientes montar o sistema de ficheiros dos usuarios por **CIFS** como veremos nas seguintes partes. Desta maneira ademais as carpetas serán accesibles tanto para clientes Linux como Windows.
- Montar kerberos esixe moitos axustes moi "pijotos" que se falla un deles xa non funciona. É por iso que o sae "máis caro o colar co can" tendo outras solucións posibles.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez